

Buenos Aires, 15 de Nadal de 1976.

St. D. Ramón Piñeiro

Santiago

Querido Piñeiro:

Soio dúas liñas para agradecerche o envío da páxina da Voz de Galicia coa entrevista a Francine Sucarrat. Nos estaremos en ésa dentro de poucas semanas. Inauguro agora eiquí unha nova mostra de pintura e nos primeiros ~~días~~ de Xaneiro estaremos na Coruña. Falaremos das moitas cousas que pasaron no 76. Entre elas da reunión que tivéchedes despois de coarenta anos Varela, Fole e tí. Para mín foi éste un ano de moito traballo. Estes días salíu en Bestiario que vos levarei. Hoxe nada mais. Supoño estará en esa Palmás. Escribíume fai poucos días.

Unha gran aperta de Maruja e miña para Isabel, Sara e para tí: